

Excmo. Sr.:

A Xefatura de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa a esta Dirección Xeral o seguinte:

1º.- Que se ha recibido neste Servicio escrito de D. Antonio Pérez Salgado, en calidade de presidente da Xunta de Montes en Man común de Oimbra, con data 13 de febreiro de 1996, solicitando a transformación en convenio dos consorcios dos montes "Madrevella, Frentes do Val e Xinxuas", OR-3078 e Comunal de Oimbra (OR-3036) na parte correspondente os veciños de Oimbra.

2º.- Que se acompaña certificación do secretario da comunidade D. Severino Pardo Pardo, na que se fai constar que en asemblea extraordinaria, en data 15 de outubro de 1995, tomouse o acordo de inicar os trámites para subscripción do convenio.

3º.- Que o monte veciñal en man común de Oimbra que se quere convenir componse de 283,60 Has. das que 35,50 Hás. constituen unha parte das 38,70 Has. que forman o consorcio "Madrevella, Frentes do Val e Xinxuas", OR-3078 e 248,10 Has. que constituen unha parte das 364,30 Hás. que forman o consorcio "Comunal de Oimbra", OR-3036.

4º.- Que en acordo do Xurado Provincial de M.V.M.C. de data 15 de decembro de 1975, clasificouse como veciñal en man común o denominado "Montes de Oimbra", como pertencente os veciños de Oimbra do termo municipal de Oimbra, confirmándose dita resolución en acordo de data 31 de maio de 1976 na que se desestimou o recurso de reposición interposto contra aquela.

En sentenza nº 366/1978 a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza confirma integramente os acordos do Xurado de data 15 de decembro de 1975 e 31 de maio de 1976 relacionadas c' párrafo anterior.

O Xuzgado de 1ª instancia nº 4 de Ourense dictou sentenza de data 3 de abril de 1995, nos autos do xuicio de menor cuantía nº 127/93 seguidos a instancia de D. Manuel Pardo Fernández e outros contra a Comunidade de Veciños do pobo de Oimbra e a súa Xunta, contra as Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e de Agricultura, Gandería e Montes e contra a Abogacia do Estado, sobre declaración de dominio público e outros extremos, na que se desestima a demanda, absolvendo a esta Consellería e os outros demandados. Dita sentenza aún non é firme según informa o Gabinete Xurídico Territorial da Asesoría Xurídica de Galicia, (se adxuntan copias de ambas sentencias).

5º.- Que os traballos de repoboación imputables o consorcio do monte "Madrevella" OR-3078 comezaron no ano 1962.

6º.- Que os traballos imputables o consorcio do monte "Comunal de Oimbra", OR-3036, comezaron no ano 1956.

7º.- Que o estado de contas do monte "Madrevella, Frentes do Val e Xinxuas", OR-3078 na parte correspondente os veciños de Oimbra, é o seguinte:

ESTADO DE CONTAS DO CONSORCIO DO MONTE "MADREVELLA, FRENTES DO VAL E XINXUAS" OR-3078 NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE OIMBRA.

ÁTA O 15 DE DECEMBRO DE 1975

-GASTOS:

Gastos totais do consorcio:	447.217.-Ptas.
-Traballos: 447.217 x35,5Ha./38,7Ha.	410.238.- "
-Garcería: 440pts./Hax35,5 Ha.....	15.620.- "
-Administración: 7,85%/s/410.238.-..	<u>32.204 .- "</u>
TOTAL GASTOS.....	458.062.-Ptas.

- INGRESOS

- Aproveitamentos maderables: 0.- Ptas.

- Condoación débeda Lei 13/1989 458.062.- "

TOTAL INGRESOS 458.062.- Pts

Resulta un saldo de CERO PESETAS na data da clasificación.

DENDE O 15 DE DECEMBRO DE 1975 O 31 DE DECEMBRO DE 1995

-GASTOS

Gastos totais do consorcio: 2.405.766.-Ptas.

-Traballos: 2.405.766ptas. x 35,5Ha/38,7 Ha. 2.206.840.-."

- Gardería: 950ptas./Ha.x35,5 Ha. 33.725.-

-Administración: 7,85% s/ 2.206.840 ptas. 173.237.- "

TOTAL..... 2.413.802.-Ptas.

-INGRESOS:

INGRESOS TOTAIS DO CONSORCIO: 2.227.306.-Ptas.

- Correspondentes os veciños de Oimbra:

2.227.306 ptas. x 35,50 Ha/38,70 Ha. 2.043.136.- "

TOTAL INGRESOS..... 2.043.136.-Ptas.

RESULTA UN SALDO NO MONTE "MADREVELLA, FRENTES DO VAL E XINXUAS OR-3078 DE:

G-I = 2.413.802 Ptas. - 2.043.136 ptas. = 370.666.- Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

8º.-Que o estado de contas do monte "Comunal de Oimbra" OR-3036 na parte correspondente os veciños de Oimbra é o seguinte:

ESTADO DE CONTAS DO MONTE "COMUNAL DE OIMBRA" OR-3036 NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE OIMBRA.

ÁTA O 15 DE DECEMBRO DE 1975

- GASTOS:

-Gastos totais do Consorcio:	2.619.881.-Ptas.
- Traballos: 2.619.881x248,19Ha/364,30 Ha.	1.784.223.- "
-Gardería: 530pts./Ha x 248,10 Ha.	131.493.- "
-Administración; 7,85% s/1.784.223 Ptas.	140.061.- "
TOTAL GASTOS:	2.055.777.-Pts.

-INGRESOS:

-Aproveitamentos maderables:	60.398.-Pts.
-Coresponde a parte de Oimbra 60.398x248,10Ha/ 364,30Ha.	41.133.- "
-Condoación débeda Lei 13/1989	2.014.644.- "
TOTAL INGRESOS:	2.055.777.-Pts.

Resulta un saldo de CERO PESETAS na data da clasificación.

DENDE O 15-12-1975 o 31 DE DECEMBRO DE 1995

-GASTOS:

Gastos Totais do Consorcio 6.663.313.-Ptas.

- Traballos: 6.663.313 Ptasx248,10Ha./

364,30 Ha. 4.537.930.- "

-Gardería: 950ptas./Ha x 248,10 Ha. 235.695.- "

-Administración: 7,85% s/4.537.930Pts. 356.227.- "

TOTAL GASTOS..... 5.129.852.-Ptas.

-INGRESOS:

- Aproveitamentos maderables: 684.701.-Ptas.

Corresponden a parte de Oimbra:

684.701ptas. x 248,10Ha/364,30 Ha: 466.303.-Ptas.

TOTAL INGRESOS..... 466.303.-Ptas.

RESULTA UN SALDO DO MONTE "COMUNAL DE OIMBRA" (OR-3036) NA PARTE
CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE OIMBRA DE:

G- I = 5.129.852.-Ptas.. - 466.303.-Ptas. = 4.663.549.- Ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

9º.- Que a débeda total do monte que se vai a convenir é a seguinte:

DO MONTE "MADREVELLA, FRENTES DO VAL E XINXUAS"OR- 3078	370.666 Pts.
DO MONTE "COMUNAL DE OIMBRA" OR-3036	<u>4.663.549 "</u>

TOTAL 5.034.215 Pts.

Á vista de todo o exposto, propoñemos a V.I.:

1º.- Que se aprobe o Convenio do monte si procede coas seguintes bases:

Nome: "MONTES DE OIMBRA".

Elenco: 32155103.

Superficie: 283,60 Has.

Pertenza: Veciños de Oimbra.

Termo municipal: Oimbra.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial do Convenio: 5.034.215.-Ptas. a favor da XUNTA DE
GALICIA.

2º.- Que a conta de gastos e ingresos do monte "Madrevella, Frentes do Val e Xinxuas (OR-3078) se resten respectivamente as cantidades de 2.617.078.-Ptas. e 2.043.136.- Pta. que corresponden a parte do monte do consorcio que se cancela.

3º.- Que da conta de gastos e ingresos do monte "Comunal de Oimbra" (OR-3036) se resten respectivamente as cantidades de 6.322.153.- Ptas. e 507.436.- Ptas. que corresponden a parte do monte do consorcio que se cancela.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de compostela, 21 de maio de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonte López.

VºBº
O DIRECTOR XERAL,

Asdo.: Carlos del Álamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación dos Consorcios dos monte "Madrevella, Frentes del Val e Xinxuas" (OR-3078) e "Comunal de Oimbra" (OR-3036) nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade Veciñal propietaria do Monte Veciñal en Man Común "Montes de Oimbra" constituido por 283,60 Has. e sito no Concello de Oimbra (Ourense) e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 1996.



A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'Mª José Tato Rocha'.

Asdo.: Mª José Tato Rocha.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio coas seguintes características:

Monte: "MONTES DE OIMBRA".

Elenco: 32155103.

Superficie: 283,60 Has.

Pertenza: Veciños de Oimbra.

Concello: Oimbra.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería: 30%.

Saldo inicial do Convenio: 5.034.215.-Ptas. a favor da XUNTA DE GALICIA.

2º.- Que a conta de gastos e ingresos do monte "Madrevella, Frentes do Val e Xinxuas" (OR-3078) se resten respectivamente as cantidades de 2.617.078 Ptas. e 2.043.136.- Ptas- que corresponden a parte do monte do consorcio que se cancela.

3º.- Que da conta de gastos e ingresos do monte "Comunal de Oimbra" (OR-3036) se resten respectivamente as cantidades de 6.322.153.- Ptas. e 507.436.- Ptas. que corresponden a parte do monte do consorcio que se cancela.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO

Asdo: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)



ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	521	55103
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. TOMAS PEREZ VIDAL, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. ANTONIO PEREZ SALGADO, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común DE OIMBRA, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do ANO 1961 (UR-3078) E 1956 (OR-3036) para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) ~~A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a OS VECINOS DE OIMBRA

e son os que a continuación se describen:

Denominación: MONTE VECIÑAL EN MAN COMUN DE OIMBRA

Termo municipal: OIMBRA

Provincia: ORENSE

Situación administrativa e legal: MONTE VECINAL EN MAN COMUN PERTENCIENTES OS VECINOS DE OIMBRA

Límites:

N.: MONTES DE CHAS E ROSAL

S.: MONTE DE SAN CIPRIAN

L.: TERMINO MUNICIPAL DE VERIN

O.: MONTES DE CASAS DOS MONTES E CHAS

Superficie: 283,60 Has.

Estado forestal: REPOBLACION FORESTAL DE PINO PINASTER Y CHOPO

PINO PINASTER: 190,60 Has, RASAS: 78,00 Has.
CHOPO: 15,00 Has.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: VECINOS DE OIMBRA

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 15,00 Has (OR-3078) E 190,60 Has. (OR-3036)

Sen vexetación arbórea: 78,00 Has. (20,5 Ha OR-3078 + 57,50 Ha OR-3036)

Servidumes: ALGUNHA DE PASO

3ª.— O chan continuará pertencendo a OS VECINOS DE OIMBRA

que achega ó convenio:

a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.

b) Os terreos descritos na cláusula segunda.

~~c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).~~

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o CINCUENTA por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante CINCUENTA por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UN por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR-3078 E OR-3036

↓
35'5 Ha
↓
15 arb + 20'50 rasas

↓
2 48'10 Ha
↓
190'60 arb + 57'50 rasas

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o SESENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o ----- por cento, e a comunidade propietaria, o ----- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de CUARENTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será PINUS PINASTER
CHOPÓ E OUTRAS ESPECIES QUE SE CONSIDERE ÓPTIMA PARA OS MONTES

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO -----, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "Montes de Oimbra" a favor dos veciños de Oimbra, no Concello de OIMBRA -----

2.— Que, así mesmo, figura Don ANTONIO PÉREZ SALGADO -----, e Don SEVERIANO PARDO PARDO -----, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~desde~~ dende o 25 decembro 1994 ata o 25 decembro 1998. -----

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense, -----, a 27 de marzo de 1996.



Don SEVERIANO PARDO PARDO -----, Secretario de DA XUNTA DE MONTES EN MAN COMUN DE OIMBRA -----

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día QUINCE DE OCTUBRO DE 1995 ----- estando designado Don ANTONIO PEREZ SALGADO ----- representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en OIMBRA -----

a VINTESEIS de MARZO de mil novecientos noventa e SEIS.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.: ANTONIO PEREZ SALGADO

Asdo.: SEVERIANO PARDO PARDO

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ -----, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,



Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL;

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez. (O. do 13/12/93)



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

DELEGACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE



En relación a su escrito de fecha 14 de Octubre de 1.998, sobre el Convenio nº 321/55103, informo lo siguiente:

En las bases del Convenio hay una omisión en el parrafo relativo a las hectáreas rasas que se transforman de Consorcio a Convenio, al no especificar cuantía de estas que corresponden a cada uno de los consorcios OR-3078 y OR-3036; donde dice:

" Sen vexetación arb-orea: 78 Has" tiene que decir" sen vexetación arbórea: 20,50 Has (OR-3078), 57,50 Has (OR-3036)", que hacen un total de 78 Has rasas.

Por lo que entonces y una vez corregido este punto de las bases; el Convenio convierte o anula según las bases y el informe del Servicio de Montes 15,00 Has (arboladas) más 20,50 Has (rasas) un total de 35,50 Has. del consorcio OR-3078; y 190,60 Has. (arboladas) más 57,50 (rasas) un total de 248,10 Has del consorcio OR-3036.

Estas 248,10 Has (OR-3036) más las 35,50 Has (OR-3078) suman las 283,60 Has. que tiene de superficie total el Convenio nº 321/55103.

Debemos de tener en cuenta que las superficies arboladas y rasas se engloban en una única superficie a la hora de realizar las cuentas del consorcio, dado que estas últimas superficies aunque esten en la actualidad rasas, han sido objeto de trabajos en alguna ocasión a lo largo del tiempo que estuvieran en consorcio con la Administración Forestal.

Así mismo y en relación al Convenio nº 321/55109 que esta afectado de las superficies resultantes de la aprobación del Convenio nº 321/55103 estas están de acuerdo a lo establecido en el informe del Servicio de Montes y a sus bases.

Orense, 26 de Octubre de 1.998



Asdo.: José Ramón Goyanes Flores

ILMO.SR. SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E INDUSTRIAS FORESTAIS.-
SAN LAZARO.- S A N T I A G O